

**INFORMACIÓN BARCELONA (Excursión fin de etapa 4º eso)**  
**9 - 14 abril de 2024**

**1. Documentación necesaria para a viaxe**

- ✓ Documentación de viaxe (DNI ou PASAPORTE EN VIGOR)
- ✓ Tarxeta sanitaria .

**2. Equipaxe**

O alumnado poderá levar a seguinte equipaxe:

- ✓ Maleta facturada de ata 25 kg.
- ✓ Bolso/Mochila de man.

**3. Teléfonos**

- ✓ O teléfono de contacto co profesorado durante a viaxe é: 621 35 45 15

**4. Hotel**

- ✓ Fianza a entregar no hotel á chegada 20€ en efectivo /persoa que serán devoltos á saída se non se causa ningún estrago.
- ✓ Nome do hotel Santa Mónica Playa onde nos aloxaremos (no momento da saída organizaremos xunto co alumnado a distribución dos cuartos).

**5. Medicamentos.**

- ✓ Ten en conta se precisas algún informe médico para viaxar no avión (por se precisas levar medicación)
- ✓ A medicación é mellor levala contigo na maleta de man, se son líquidos tedes que levar certificado médico (caso por exemplo, da insulina).

**6. Programación da viaxe:**

**09 abril**: PONTEAREAS – VIGO – BARCELONA. Saída do centro educativo ás 06:00 horas ao aeroporto de Vigo, trámites de embarque e saída do voo de Vueling ás 08:40 horas, chegada a Barcelona ás 10:25 horas. Recollida de equipaxe e traslado a Barcelona para unha visita panorámica. Xantar nun restaurante ás 14:30 h. Pola tarde, ás 16:45, visita libre ao Acuario de Barcelona, á hora acordada, traslado a Salou, facturación no hotel, cea e aloxamento.

**10 abril**: SALOU – BARCELONA – SALOU:. Almorzo e traslado a Barcelona para unha visita a As Ramblas, Barrio Gótico e Born a pé: As Ramblas son o paseo máis popular da cidade e o espello das diferentes caras da cidade. Durante a visita poderemos ver a Fonte de Canaletes, a Rambla das Flores, o Palacio da Virreina, o Teatro Liceo... Faremos unha parada no Mercado da

Boqueria, que mostra a esencia de Barcelona e que continúa no barrio. O gótico, casco vello da cidade, berce da Barcino romana e testemuño dunha época de ouro, onde a arte gótica se converte no emblema da cidade, como se pode ver na Catedral, na Praza Sant Jaume ou na Praza do Rei. A última parte da visita será coñecer o antigo barrio comercial, O Born, exemplo da súa riqueza foi a obra coñecida popularmente como a Catedral do Mar, igrexa de pescadores e comerciantes que rivaliza coas máis nobres. Ao remate da visita, traslado ao Park Güell, tempo libre e xantar

campestre. Pola tarde, ás 16:30 horas realizaremos unha visita guiada á Sagrada Familia, ao remate, traslado ao hotel de Salou, cea e aloxamento.

**11 abril** : SALOU – TARRAGONA – SALOU. Almorzo e saída cara Tarragona. Con esta actividade, o alumnado poderá descubrir co seu enxeño a historia de Tarragona, dende a época romana ata hoxe, coñecendo os lugares máis emblemáticos do seu casco histórico. Para iso, deberán cumprir unha serie de obxectivos no menor tempo posible para ser o gañador deste concurso e conseguir o trofeo. Duración: 2 horas aprox. Regreso ao hotel, xantar e tarde libre. Cena e aloxamento.

**12 abril**. SALOU – PORT AVENTURA – SALOU. Almorzo. Saída a Port Aventura, día completo e xantar no parque. Regreso ao hotel, cea e noite.

**13 abril** : SALOU – PORT AVENTURA – SALOU. Almorzo e disfrute do 2º día en Port Aventura, xantar no parque. Cea e noite no hotel.

**14 abril** : SALOU – BARCELONA – VIGO – PONTEAREAS:. Almorzo e tempo libre ata a hora de recollida para o traslado ao aeroporto de Barcelona. Trámites de embarque e saída no voo de Vueling ás 13.25 horas, **chegada a Vigo ás 15.15 horas**. Traslado a Ponteareas